O Provisional

Xornal de Información Xeral do Instituto de Educación Secundaria "María Sarmiento"

Ano XX - Número 55 — Viveiro, 21 de xuño de 2013

PREMIO NACIONAL ÁS MELLORES PRÁCTICAS EDUCATIVAS - CURSO 2003-04

INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO CO LYCÉE COUSERANS E VIAXE A ROMA

O Departamento de Francés organizou, para os alumnos que cursan este idioma como segunda Lingua Estranxeira, un intercambio lingüístico co Lycée Couserans de Saint-Girons (Francia). Na foto podemos ver o grupo ao pé do castelo de Foix.

Como vén sendo habitual nos últimos anos, ao longo do último trimestre do curso académico sucédense multitude de viaxes, excursións e actividades de todo tipo, enmarcadas nas programacións didácticas dos diferentes departamentos ou previstas na programación xeral anual do centro.

Neste número do Provisional ofrecemos unha reseña de cada unha desas accións formativas destacando, ademais da viaxe de 4º de ESO a Barcelona, o intercambio lingüístico coordinado por Mari Luz Poch Villar e a viaxe a Roma que dispuxo Ramón Cajoto Sante.

(Máis información na páxina 14)

Mentres, dende a Xefatura de Estudos de Adultos, coordinouse a viaxe dos alumnos dese réxime á capital italiana. Vémolos nun momento de descanso.

SUMARIO:

- Auditorías
- Reunión dos xubilados
- Entrevista a: Óscar Rolle Calvo
- Caminar
- Letras Galegas 2013
- Evolución da frota de Celeiro
- Planificación de estudos 2013-14
- A carón do blues: Robert Nighthawk
- A Educación en España (II)

¡Boas vacacións de verán!

EDITORIAL

Oferta educativa de atención real á diversidade

A diversidade de ensinanzas da nosa oferta educativa fai que moitos alumnos e alumnas con distintos obxectivos de saída para a súa vida encaixe na nosa variada oferta e, polo tanto, teña éxito coa súa formación.

Todos o alumnos non son iguais nin teñen as mesmas ideas de como pode chegar a ser a súa vida profesional. O concepto de estudo para a vida, para desenvolver un cometido profesional, e así, inserirse na sociedade é unha das claves da sociedade actual, neste sentido, a diversidade de estudos que ofrece o Instituto María Sarmiento é a clave do seu éxito.

Na Ensinanza Secundaria Obrigatoria atendemos a todo tipo de alumnado e tratamos de integralos a todos e a todas o mellor posible xa que todos eles van formar parte da sociedade do futuro. Todos eles van ser necesarios.

Os bacharelatos son unha das ensinanzas máis demandadas e con máis éxito nestes últimos cursos que nos levou a ser o instituto con máis alumnos nas probas de acceso á universidade na nosa zona xeográfica e cun gran número de alumnos excelentes con matrícula de honra.

A formación profesional é un tipo de ensinanza que se realiza, dende hai moitos anos, coa participación das empresas o que dá ao alumnado maiores posibilidades de formar parte da poboación laboral activa. Os ciclos de técnico, con dous cursos de estudo despois da ESO, conseguiron estes anos unha inserción moi alta no sistema produtivo e coa recuperación económica van ter de novo éxito asegurado. A nova lei acrecenta as posibilidades de acceso de ciclos medios a ciclos superiores, directamente á mesma vía de entrada ca os bacharelatos.

Os ciclos superiores de formación profesional son a saída ao mundo laboral cunha formación de nivel superior alternativa á universidade, e cunha cualificación integrada no sistema produtivo xa que unha parte moi importante da formación se realiza nas empresas e institucións nas que logo van traballar.

Esta diversidade de ensinanzas volvemos impartilas polas tardes na oferta de persoas adultas que supón unha nova posibilidade para as persoas de vocación tardía ou para os que queren combinar os estudos co traballo.

O Director: Juan J. Pardo

AUDITORÍAS:

Momento da realización da auditoría externa de seguimento no Departamento de Orientación Educativa

Neste ano 2013 cúmprense dez anos dende que o noso centro acadara a Certificación de Calidade avalada pola norma ISO 9001/2000, agora ISO 9001/2008.

Dende aquela, sucedéronse anualmente as preceptivas auditorías a nivel interno e tamén externo para ir renovando, cada ano, ese aval externo que nos configura coma un dos poucos institutos públicos de Galicia que conta con ese recoñecemento.

Pois ben, a mediados do primeiro trimestre, concretamente os días 27 e 28 de febreiro, desprazouse ata o centro a auditora de AENOR, Rebeca Abella Josar, para verificar o grao de cumprimento dos requirimentos da certificación; estivo acompañada polo Responsable de Calidade José Javier Lebón Díaz, para ir facendo un percorrido polos diferentes departamentos didácticos analizando os procesos de compras, avaliación, etc.

Entre os puntos fortes da Insitución, a auditora, destacou a dispoñibilidade, implicación e coñecemento por parte do persoal da metodoloxía da auditoría, así como os blogs das diferentes materias, sinalando particularmente o de Xeografía e Historia. Tamén destacou o ambicioso Plan de formación para profesorado, previsto para os cursos 2012-2013 e 2013-2014, relativo á mellora das competencias TIC do profesorado.

IMS IES MARÍA SARMIENTO 75 ANIVERSARIO 1932 2007
Ensino de calidade para todos
ESO, Bacharelatos, Ciclos medios e superiores, ESA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

REUNIÓN ANUAL DOS XUBILADOS

Coincidindo coa festividade de San Xoán Bosco, o 31 de xaneiro reúnense cada ano os compañeiros xubilados que formaron parte do cadro de persoal do IES María Sarmiento.

Na fotografía, na que non aparecen todos os participantes deste último xantar, están de esquerda a dereita: Jesús Euloxio Rubert Méndez, Carme Santaballa Mera, Mari Carmen Vázquez Vale, Loly Núñez Estévez, José Díaz Trasancos, Pablo Mateo Chao, Enrique Pérez García, Modesto Prieto Chao, Pedro Álvarez Expósito, Francisco Rivera, Andrés García Vázquez, Xosé Manuel Cociña Regal, Ramón Isaach Martínez, Manuel Álvarez Otero, Emilio Casariego Carballés e Ángel Rodríguez Vázquez.

XORNADA DE FOLGA

A folga xeral do ensino que se convocou para o día 9 de maio tivo unha influencia masiva no IES María Sarmiento no colectivo de alumnos.

Máis do 80% dos alumnos de ensinanzas non obrigatoria secundaron a mobilización que, por outra banda, tivo pouca participación do profesorado: só parou o 15%.

Mentres, no colectivo de perxoal non docente, non parou ninguén.

XVI SEMANA DA PRENSA

Xa fai 16 anos que vimos celebrando a Semana da Prensa no IES María Sarmiento. Os diferentes departamentos traballaron, na primeira semana de marzo, contidos relacionados co uso didáctico dos xornais na aula conforme á Orde que desenvolve o calendario escolar deste curso.

Tamén se espuxeron no recibidor do edificio antigo colecións de xornais doutros centros educativos galegos e murais cos aspectos máis salientables do xénero periodístico.

ENTREVISTA: Óscar Rolle Calvo

É natural do Vicedo, estudou a ESO e o Bacharelato no IES María Sarmiento. Logo de rematar os estudos de Aviación Civil, agora con só 26 anos, xa é piloto comercial dun Boing 737-800 en Ryanair.

Óscar, ti fuches alumno do IES María Sarmiento, ¿que estudaches posteriormente ata acadar a licenza de piloto comercial?

Si, fixen a ESO e o Bacharelato no María Sarmiento, rematei no 2003-2004. Ese mesmo ano comecei Aviación Comercial na Universidade da Coruña; á vez prepareime na escola de pilotos *"Aeroflota del Noroeste"* para sacar as licenzas europeas de voo.

Rematei no ano 2007, obtendo o Graduado en Aviación Comercial, e a Licencia de Piloto Comercial xunto coas habilitacións de voo intrumental (que che permite voar en entornos de visibilidade marxinal, requeirido para voar nunha liña aérea) e de avións multimotor.

Obtiven tamén a teórica de Piloto de Liña Aérea, quedando pendente a parte práctica que só se pode acadar a través da práctica laboral nunha liña aérea; ese mesmo ano fixen as prácticas que capacitan para actuar como comandante e, tamén, en Valencia o curso de coordinación de tripulacións múltiples, que se require para voar nun avión con máis dun piloto.

Despois diso, comecei o curso de Instructor de voo, tamén na Coruña, rematando en xuño do ano 2008.

Xusto ao acabar tiven a oportunidade de quedar alí, como instrutor; estiven dous anos voando dende Alvedro e Lavacolla.

Xa no verán do 2010 foi cando decidín deixar ese traballo de instructor e irme vivir a Londres para perfeccionar o inglés; traballei

nun hotel, xa que vía que a situación en España estábase poñendo cada vez máis complicada e quería adiantarme para conseguir traballo nunha compañía estranxeira.

No ano 2011 conseguín un contrato en Ryanair. Como vedes é complicado chegar a piloto, pero con perseverancia e un pouco de esforzo todo se pode conseguir.

Como xurdiu en ti a vocación de voar?

Bueno, xa cando era un rapaz, non recordo exactamente a idade, pero foi algo que sempre tiven en mente, xa que me encanta viaxar, e por riba o feito de que unha máquina de moitas toneladas puidera voar resultábame impresionante. Cada vez que sentía unha avioneta ou o helicóptero de rescate de Celeiro sobrevoar a miña casa no Vicedo, non dubidaba en saír correndo para velo, daba igual o momento no que me collera.

Xa anos máis tarde, e coa dispoñibilidade de conexión a internet, foi cando empecei a recopilar información acerca da profesión, xa que non coñecía a ningún piloto que me puidera aconsellar. Lembro que foi no 98 cando instalei o primeiro simulador de voo no meu ordenador persoal, un pasatempo que aínda agora manteño.

Onde traballas agora mesmo?.

Dende hai dous anos, traballo como primeiro oficial (copiloto) nun Boeing 737-800 da compañía irlandesa Ryanair. Despois de varios meses de adestramento, no Reino Unido e en Madrid, estiven un ano e medio baseado en Milán e agora, conseguín virme máis preto da Nosa Terra, a Oporto. Polo de agora, é a mellor opción dispoñible de traballar preto da casa.

Foto da matrícula de 2º de bacharelato (curso 2003-04)

Cada xornada é complicada e á vez ilusinante, non?.

Si, a verdade. Un día normal de traballo pode comenzar moi cedo, pola mañá (4:30 a.m.), e rematar polo mediodía, ou pola contra, comenzar a mediodía e rematar á medianoite. Chego ao aeroporto unha hora e media antes do voo. Na oficina da compañía é onde nos xuntamos todos os tripulantes do voo; somos seis, dous pilotos e catro auxiliares. Normalmente o copiloto é o encargado de preparar todo o papelorio e xuntar toda a información necesaria para os voos dese día, tal como meteoroloxía, mapas, documentación do avión, etc; uns 45 minutos antes do vó, reuniímonos os seis tripulantes para facer un pequeno resumo do que imos facer, e repasar actuacións en caso de calquera emerxencia.

Facemos ou ben dous voos, ou ben catro dependendo do día, e sempre voltamos ao aeroporto base, algo que cambiou con respecto á aviación tradicional e que favorece a vida persoal ao pernoctar a diario na casa. De vez en cando, envíanme unha semana a calquera das outras bases que a compañía ten por Europa, e cada seis meses imos todos os pilotos ao simulador, onde practicamos todo tipo de emerxencias que poidan suceder nun voo real.

En canto ao traballo no avión, os dous pilotos temos roles diferentes, cambiando dun voo a outro, un voa o avión, e o outro vixía que todo vaia en orde e fai as comunicacións coas torres de control aéreo. No seguinte voo invírtense os papeis.

Que recordos tes do teu paso pol IES María Sarmiento?.

Os recordos que teño do Marìa Sarmiento son a maioría bos. Eu fun da primeira promoción que fixo a ESO completa no MS despois de rematar Primaria no Colexio do Vicedo. Ao pricipio non foi doado para min polo feito de cambiar de compañeiros de clase, de instalacións e de profesorado; pero foi satisfactorio de cara a que nos deu a oportunidade de coñecer a compañeiros do resto das vilas de arredor. Aínda conservo moitos dos amigos coñecín alí, a pesar de que co paso do tempo, os estudos e o traballo alonxounos a moitos quilómetros de distancia uns doutros.

Noraboa pola túa brilante carreira e moita sorte.

Gracias, e saúdos a todos.

- REDACCIÓN -

Durante o mes de xaneiro celebrouse o

CAMPIONATO DE TENIS DE MESA

O Departamento de Educación Física, organizador do torneo, resaltou a alta participación nesta edición 2012-2013.

A competición organizouse por niveis, acadándose os seguintes resultados:

NIVEL 1°e 2° de ESO:

Gañador:

Pablo Chao

Subcampión:

Dani Rodríguez

NIVEL 3°e 4° de ESO:

Gañador:

Gabriel Polo

Subcampión:

Ignacio Gómez

NIVEL FEMININO

Gañadora:

Cristina Pájaro Díaz

Subcampioa: Iria Moliner

Á NEVE

Conxuntamente coa casa da Xuventude de Viveiro e coa colaboración do noso alumno en prácticas Uxío Rodríguez García, os alumnos de cuarto da ESO e bacharelato puideron disfrutar dunha fin de semana na estación de esquí de Pajares, en Asturias.

Os participantes puideron elixir entre practicar esquí ou *snowboard.*

Sen dúbida, unha experiencia distinta a un custo moi competitivo con monitores de calidade da empresa ROQ-sport.

A PATINAR...

O día 10 de xaneiro organizamos, dende o Departamento de Educación Física, unha viaxe á Coruña co alumnado de 1º de bacharelato e 3º de ESO para practicar patinaxe sobre xeo no Coliseo desa cidade.

Coma en anos anteriores, resultau ser un éxito de participación e aceptación.

SUBIDA ATA A MINA DA SILVAROSA

Coma todos os anos ao final de curso, o departamento de Educación Física fixo unha ruta de sendeirismo cos alumnos de 2º da ESO ata as minas da Silvarosa. Unha boa oportunidade de practicar unha actividade física saudable e coñecer un pouco mellor a historia do noso pasado industrial.

Centro de Transfusión de Galicia

MÁIS INFORMACIÓN EN:
doadoressangue.ctg@sergas.es

DOA SANGUE
900 100 828

CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

"O Plan Nacional de Hemoterapia estrutura a doazón de sangue en cada unha das comunidades autónomas e utiliza os centros comunitarios de transfusión como ferramenta necesaria para cubrir as necesidades de compoñentes sanguíneos nos hospitais."O Centro de Transfusión de Galicia (CTG), FUNDACIÓN PÚBLICA de Interese Galego dependente da Consellería da Sanidade, iniciou as súas actividades en agosto de 1993. Situado no campus universitario de Santiago, subministra compoñentes sanguíneos as 24 horas do día a tódolos centros sanitarios da comunidade autónoma.

O IES María Sarmiento é centro colaborador do CTG dende 1996.

IES MARÍA SARMIENTO
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
http://www.iesmariasarmiento.net

Torneo intercentros

O torneo anual intercentros María Sarmiento - Vilar Ponte xogouse nesta ocasión o 22 de marzo.

O partido disputouse en catro tempos -os impares corresponderon aos equipos femininos e os pares as masculinos- acadándose unaha puntuacion total final de 45 a 43 a favor do IES María Sarmiento. Na foto vemos ao equipo ao completo do noso combinado.

De pé están: Alba, Patricia, Maricarme, Celia, Diana, Gabriel, Juan, Martín, Omar e Lucas.
Agachados: Katia, Mercedes, Manuel, David e Adela

"PAELLAS TEAM" GAÑA O CAMPIONATO DE FUTBOL SALA MARÍA SARMIENTO 2013

O día 22 de maio rematou o campionato de fútbol sala en categoría absoluta. Tarde, moi tarde, pero é que este ano a choiva foi a protagonista facendo que se aprazaran moitos partidos e que algúns rapaces de ciclos tiveran que abandonar por mor das prácticas nas empresas que comezaron a principios de abril.

Non obstante, o máis salientable é que a participación foi, coma sempre, moi elevada. Este ano contamos con catorce equipos, que tivemos que dividir en tres grupos. De cada grupo pasaban tres equipos, agás do de catro que pasaban tan só dous.

Logo da fase regular, estes oito equipos "finalistas" xogaron en formato eliminatoria ata chegar á gran final entre os equipos **COA X DE MIXTA** (que defendía o título) e o **PAELLAS TEAM**.

A final, como non podía ser doutra maneira, xogouse no pavillón Antonio Tarrio… claro! Chovía!. Este encontro final rematou coa vitoria, por 3 goles a 1, do **PAELLAS TEAM**, que remontou un resultado adverso de 1-0.

Dende a organización do campionato queremos felicitar aos campións e a todos os equipos participantes.

Por último, temos que destacar a gran axuda que nos prestaron os rapaces que desinteresadamente colaboraron na arbitraxe de moitos partidos, porque esa non é unha tarefa doada, dende aquí o noso agradecemento sobre todo a Xavi e a Alex.

Relación de equipos participantes:

Paellas team, Coa X de mixta, Dream team, Los Sicarios del Hampa, Non cho digo, Ganadores, Nothingan Prisa, PK2, TNT, Who´s your victim?, Machaca mancos, Parquemar, Magazos de arriba, Os do Loro.

PADEL

Dada a recente afección que está xerando este deporte en Viveiro, o Departamento de Educación Física incluíu, dentro da súa programación didáctica deste curso 2012-13 unha unidade temática alusiva ao mesmo.

Ademais da contextualización teórica, os alumnos de 1º de bacharelato tiveron a oportunidade de participar, nas pistas do Nito, dunha xornada práctica coa presenza de monitores especialistas.

Por iso, o 27 de maio, dedicaron parte da xornada escolar a esa acción formativa que foi avaliada moi positivamente, tanto polos alumnos, coma polo propio departamento cumpríndose os obxectivos previstos inicialmente.

O Probisional

fai 15 anos

Nº 11, publicación: 03-04-98
EDITORIAL: Reestructuración nos centros educativos de Viveiro
SUMARIO: IES María Sarmiento, Xornada de meteoroloxía, Arte en movemento, As linguas románicas, Dª Mª Sarmieno ilustre viveirense, Por onde imos arrasamos, Programas europeos: Leonardo da Vinci

Nº 12, publicación: 22-06-98
EDITORIAL: Ó remate dunha etapa
SUMARIO: Comezaron as obras de ampliación, Nomeamento, II Xornadas Informativas, O conto da avoa, Planificación de estudios, Campionato de fútbol, Os hórreos galegos, The Killer Barbies, A caza das baleas, 30 anos de música dura, Programas europeos: Sócrates

fai 10 anos

Nº 26, publicación: 20-12-02
EDITORIAL: Auditoría interna
SUMARIO: Primeira auditoría interna, Falece Lois Tobío, Cadea humana, Subproceso de avaliación, Maruja Mallo, ¿que é un rei para ti?, A gaita galega, Atrapados na crise do Prestige, Día da Paz, Led Zeppelin, Aprender a aprender

Nº 27, publicación: 20-06-03
EDITORIAL: Entende-la calidade
SUMARIO: Logramos a certificación ISO9001/2000, Subproceso de actividades de aula, A ponte da Misericordia, No bo camiño, Orzamentos 2003, VII Xornadas Informativas, Viaxe de 4º de ESO, Deep Purple, Alternativas para o verán

fai 5 anos

Nº 41, publicación: marzo de 2008
Entrevista: Fran Basanta, Que pinto eu aquí?, O movemento comercial nos portos de Viveiro e Celeiro, FCT ponte cara ó mundo laboral, Albet Collins, Plantación "Torre de Lama", Os novos P.C.P.I.

Nº 42, publicación: 20 de xuño de 2008
Auditoría externa, Entrevista: Loly Núñez, O xogo do peón, Intercambio lingüístico, Electrolizador, Plan estratéxico 2008-2012, Experiencia dunha inmigrante, Xaquín Marín Formoso, Bessie Smith, Vacina contra o VPH

ADRIÁN BEN, CONTINÚA COLLEITANDO NOVOS ÉXITOS DEPORTIVOS

Adrián Ben Montenegro, alumno de 3º de ESO-B, continúa colleitando éxitos deportivos a nivel nacional.

Nesta ocasión, referímonos ao campionato de España de atletismo na categoría de 3.000 metros cadete; pois ben, no torneo celebrado o 25 de maio en Málaga logrou facerse co título nacional cunha marca de 9 minutos e 15 segundos.

A proxección deste atleta vivariense, pertencente ao clube Lucus Caixa Rural, é imparable. Ademais de felicitalo pola súa traxectoria deportiva, debemos sinalar tamén que compaxina dunha maneira exemplar o deporte cos estudos, acadando tamén un excelente rendemento académico.

"É cuestión de organizarse", comenta Adrián.

Noraboa.

VISITA A SOTAVENTO

O pasado 4 de xuño os alumnos do PCPI de Mantemento de Vehículos, e os dos ciclos de Electromecánica e Carrozaría, tiveron a ocasión de participar nunha actividade sobre enerxías renovables no parque eólico experimental de Sotavento (Xermade).

Na sesión formativa estiveron acompañados por profesores do departamento que, posteriormente, contextualizaron nas aulas e talleres as experiencias adquiridas na visita.

Na foto vemos a Gradaille e Jonatan probando un coche eléctrico.

os alumnos de Relixión foron a Salamanca

Tamén, os alumnos de Relixión dos curso 4º de ESO e 1ª de Bacharelato, tiveron unha viaxe específica organizada polo Departamento que coordina Angélica Otero Fernández.

Dende o 10 o 12 de abril visitaron os lugares máis importantes da cidade salmantina, Universidade, Ponte Romana, Casa das Conchas, Catedral, Museo Casa Lis, Clerecía, Convento de San Estevo, Xardíns de Calixto e Melibea, Convento das Donas e Plaza Maior.

Xa de volta para Viveiro, aproveitaron e visitaron o Pazo Episcopal de Astorga e a catedral.

Ademais da Xefa do Departamento, os alumnos estiveron acompañados pola profesora de Relixión Ana Pedreira Castro.

FOTO ÁLBUM:

EQUIPO DE FÚTBOL DE PROFESORES NO TORNEO ESCOLAR DO S. XOÁN BOSCO DE 1972

De pé, de esquerda a dereita, están: Pablo Mateo Chao, Antonio López Gato, Amado Aguiar Aguiar, Vicente Balseiro Castro, Manuel Álvarez Otero e Manuel Paz Paz. Agachados, pola mesma orde, Generoso Martínez Míguez, Humberto del Río Vieira, Francisco Antonio Grela Díaz e Pedro Álvarez Expósito

C A M I N A R

No estamos programados para ser felices, ni siquiera para pensar en cómo alcanzar esa felicidad. No hay un mapa que nos pretenda guiar hacia un desayuno de limón o un beso de peluche.

-¿Más azúcar?

-No, gracias, no tengo sed.

Y sin embargo seguimos caminando, aunque a veces nuestros pasos huelan a incertidumbre.

-¿Qué buscas?

-El final.

-Ah, sí. Le conocí en el instituto, me pareció majo.

-En cambio, a mí me aterroriza.

¿Y si te digo que no hay meta ni comienzo? Si tenemos que seguir respirando, por lo menos aspiremos oportunidades. De esas que te llegan un jueves, a las doce de la noche, porque sí. Porque les apetece. Y entonces, ¡zas! Tienes una idea, la lucecita se enciende, el mundo se ralentiza un poco más, ¿lo oyes?:

-¡Eh! Me freno para dejarte pensar, pero date prisa, que los niños quieren montar en el tiovivo.

Quizás no entiendas ni una palabra. Ojalá. Eso es lo que quiero. Entender las cosas es demasiado maduro. Mejor perderte... perderte en pensamientos que no tienen por qué seguir un guión, que no tienen por qué tener una finalidad. Simplemente pensar... o dormir. Como escribió un tal Shakespeare: dormir... tal vez soñar.

-Mira qué feliz parece cuando sonríe. Se me cae la baba...

-Pues a mí los dientes.

Será la edad, quizás. Sí. La edad de contar historias cuando a nadie le apetezca escucharlas.

-Es que, abuelo, les falta ese toque de intriga.

-¿La vida te intriga, hijo?

-No.

-Pues las historias son la vida. Y deberías morirte de nervios por saber qué ocurrirá en el siguiente capítulo.

Mejor nos escondemos tras una salida de emergencia y hacemos que estamos perdidos. Nadie tiene por qué encontrarnos. Este momento es solo de aquéllos que lo vivan. ¿Y qué hacer? ¿Por qué no contar latidos? El que acabe antes, pierde.

Iria Moliner Piñón (2º Bachillerato A)

En Madrid co Clube de Lectura

A maioría dos alumnos que participan nos clubes de lectura, asistiron á excursión a Madrid que tivo lugar o xoves 25 e o venres 26 de abril.

Na mañá do primeiro día visitaron o centro da cidade (Porta do Sol, Museo do Prado, Cibeles, Neptuno, estación de Atocha, etc); logo houbo unha visita guiada ao museo antropolóxico e, por último, un paseo polo parque do Retiro. Depois de xantar na Praza Maior, visitamos a Imprenta Municipal e mais o barrio das Letras, tamén con senllas visitas guiadas.

Á noitiña asistimos ao musical "Sonrisas y Lágrimas" na Gran Vía. O venres pasamos o día no parque de atraccións Warner e regresamos a Viveiro esa mesma noite.



www.edu.xunta.es/centros/iesmariasarmiento/

LEGRAS GALEGAS 2013



Os alumnos de Bacharelato e de 4º de ESO asistiron, o día 10 de abril, á representación teatral "Días sen gloria" de Roberto Vidal Bolaño no Salón Teatro de Santiago. A viaxe ata a capital galega estivo organizada polo Departamento de Lingua e Literatura Galega e os profesores encargados de acompañar os alumnos foron Antonia Figueiras, Sabela Barcón e Xosé Cabana.

MANIFESTO DO CORRELINGUA 2013

Os Golgorotos de 4º da ESO A e B do IES A Pinguela de Monforte gañaron o concurso de manifesto deste ano.

A miña lingua é segura,
O falar non ten cancelas
Unha casa sempre aberta
Que todos debemos protexer.
A miña lingua é miña nai
É honroso ter unha lingua
Fermosa, digna, que abre portas
Que non ten chaves, que nada pecha,
Ela mesma é a chave do mundo.
A miña fala é o máis importante,
Debo honrala cando a uso
Sentirme orgulloso de tela
Por ser o meu carné de identidade.
O galego é unha lingua con historia,
O galego é unha lingua honorábel,
É unha lingua con pasado, con memoria
Con prestixio e con tradición formidábel.

Do seu pasado glorioso no medievo
Debemos sentirnos en débeda
E propoñernos fortemente devolverlle
a importancia que nunca debeu perder.
Loitemos xuntos por fortalecela
Fagamos visíbel esa chave de ouro
Que nos abre todas as portas do mundo,
E ofreceremoslle un futuro digno.
Soñemos que somos os dignos fillos
Da nai patria que todo nolo entregou,
Defendamos esta cultura e esta fala
Que coas súas bágoas protexeu
E en herdanza nos legou .
O galego é unha lingua con historia,
O galego é unha lingua honorábel,
É unha lingua con pasado, con memoria
Con prestixio e con tradición formidábel.

Sexamos herdeiros merecentes
Da fala de rosalía, do pobo de pondal
Do progueso de curros, da poesía social
De celso emilio, dos contos de ánxel fole,
Da patria que amou o artista castelao,
Da imaxinación prodixiosa de cunqueiro,
Da nova narrativa galega, do noso teatro,
E até do códice calixtino....
E doutros mil nomes máis da nosa literatura,
Pero non debemos quedar só aquí,
Os soños poden ser realidade.
Debemos saír das tristes tebras,
Das néboas para poder ver lucir o sol.
O galego é unha lingua con historia,
O galego é unha lingua honorábel,
É unha lingua con pasado, con memoria
Con prestixio e con tradición formidábel.

Propoñamos como bandeira
A defensa da nosa lingua
Poñamos a nosa alma en falala
Que o noso corazón sexa o galego,
Que o brillante azul do noso mar
Sexa o brillo da nosa lingua
Sexamos nós valerosos soldados
Que loitan con pacífica arma
Que leda sae dos nosos beizos,
Non a deixaremos morrer,
Sempre estaremos á súa beira,
Mesmo coa propia vida gardaremos
A importante chave que temos .
O galego é unha lingua con historia,
O galego é unha lingua honorábel,
É unha lingua con pasado, con memoria
Con prestixio e con tradición formidábel.

O CORRELINGUAS DA MARIÑA CELEBROUSE EN MONDOÑEDO

O xa tradicional correlinguas celebrouse este curso 2012-13 en Mondoñedo, o dezaseis de maio.

Ata a cidade mariñá acudiron alumnos de todos os centros das comarcas da Mariña acompañados polos seus titores e profesores.

No caso do María Sarmiento, partiparon uns 150 alumnos de 1º e 2º de ESO e varios profesores.

Lástima que o día non acompañase nesta xornada festeira.

PERSOEIROS AOS QUE SE LLES TEN ADICADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Roberto Vidal Bolaño, 2013
Valentín Paz Andrade, 2012
Lois Pereiro, 2011
Uxío Novoneyra, 2010
Ramón Piñeiro López, 2009
Xosé María Álvarez Blázquez, 2008
María Mariño 2007
Manuel Lugrís, 2006
Xesús Lorenzo Varela Vázquez, 2005
Xaquín Lorenzo Fdez. "Xocas", 2004
Antón Avilés Taramancos, 2003
Frei Martín Sarmiento, 2002
Eladio Rodríguez González, 2001
Manuel Murguía, 2000
Roberto Blanco Torres, 1999
Martín Códax, Johan de Cangas e Mendinho, 1998
Ánxel Fole, 1997
Xesús Ferro Couselo, 1996
Rafael Dieste, 1995
Luis Seoane, 1994
Eduardo Blanco-Amor, 1993
Fermín Bouza-Brey, 1992
Álvaro Cunqueiro Mora, 1991
Luis Pimentel, 1990
Celso Emilio Ferreiro, 1989
Ramón Otero Pedrayo, 1988
Francisca Herrero Garrido, 1987
Aquilino Iglesia Alvariño, 1986
Antón Losada Diéguez, 1985
Armando Cotarelo Valledor, 1984
Manuel Leiras Pulpeiro, 1983
Luis Amado Carballo, 1982
Vicente Martínez Risco, 1981
Alfonso X "O Sabio", 1980
Manuel Antonio Pérez, 1979
Antonio López Ferreiro, 1978
Antón Vilar Ponte, 1977
Ramón Cabanillas Enríquez, 1976
Xoán Manuel Pintos Villar, 1975
Xoán Vicente Viqueira Cortón, 1974
Manuel Lago González, 1973
Valentín Lamas Carvajal, 1972
Gonzalo López Abente, 1971
Marcial Valladares Núñez, 1970
Antonio Noriega Varela, 1969
Florentino López Cuevillas, 1968
Manuel Curros Enríquez, 1967
Francisco Añón Paz, 1966
Eduardo Pondal, 1965
Castelao, 1964
Rosalía de Castro, 1963

INTERCAMBIO CO LYCÉE COUSERANS

Como diciamos na portada, o Departamento de Francés organizou, unha vez máis, un intercambio lingüístico, nesta ocasión a Saint-Girons, concretamente ao Lycée Couserans na rexión de Midi-Pyrénées.

Mari Luz Poch, acompañada polos profesores de Historia, Asunción Juíz Vázquez e Xan Fernández, viaxaron cos alumnos dende o 17 ó 24 de marzo, os cales participaron en diferentes actividades lúdicas e pedagóxicas ao tempo que fomentaron a amizade cos alumnos franceses convivindo coas súas familias.

Entre as visitas máis salientables destacan a realizada á cidade episcopal de Saint-Lizier (Palacio dos bispos e igrexa De Notre Dame de la Sède, denominada "pequena capela sixtina" polas pinturas murais do século XV que adornan as bóvedas e parte dos muros) e as realizadas ás localidades de Carla-Bayle e ás cidades de Carcassone e Toulouse, a "cidade rosa" pola cor do ladrillo das súas edificacións.

Posteriormente, os alumnos franceses estiveron en Viveiro do 30 de marzo ao 5 de abril, tamén convivindo coas familias dos nosos alumnos. Visitaron a comarca, Santiago e Coruña.

Da avaliación do proxecto desprendese unha gran aceptación tanto dos alumnos participantes (4º de ESO e Bacharelato), coma das súas familias.

VIAXE CULTURAL A ROMA

Os alumnos de Administración e do Bacharelato de adultos tiveron a ocasión de participar nunha viaxe cultural a Roma dende o 22 ata o 27 de abril. Dita actividade estivo organizada directamente polo Xefe de Estudos deste réxime, Ramón Cajoto Sante, quen tamén os acompañou na viaxe xunto coa profesora Teresa Méndez Blanco.

Foron seis días intensos que lles permitiron coñecer a cidade de Roma e o Vaticano, visitando tódolos lugares máis importantes, destacando a Praza de San Pedro, Basílica, Museos Vaticanos, Piazza dei Tribunali, Palacio de Giustizia, Mausoleo Augusto, Coliseo e Foro romano (Palatino, Arco de Tito), Arco de Constantino, Termas de Carracalla, Fontana de Trevi, etc.

Os participantes sinalaron a experiencia coma inolvidable, xa que á parte de coñecer unha cidade tan fermosa como é Roma, a maioría deles non saíra do noso país; incluso, ter que desenvolverse noutra lingua e cultura supuxo adoptar unha visión diferente que permite ao fin valorar tanto o propio coma o alleo.

AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevé nos seus artigos 21 e 29 a realización dunha avaliación de diagnóstico de carácter censual que se deberá levar a cabo en todos os centros educativos. Pola súa parte, o Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, determinan nos artigos 17 e 19, respectivamente, a realización deste proceso avaliativo. A dita avaliación versará sobre as competencias básicas do alumnado e deberá dar lugar a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados que dela se obteñan.

A súa finalidade última é contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación, a través do coñecemento da adquisición das competencias básicas dos estudantes. A súa realización pretende suscitar a reflexión sobre a práctica educativa e orientar procesos de transformación e mellora. En ningún caso substitúe a avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe que comunmente se desenvolve nos centros educativos, senón que complementa o coñecemento que aquela proporciona, e promove que a toma de decisións posterior sexa máis axustada á realidade de cada centro.

Na Resolución do 2 de xaneiro de 2013 dictáronse instrucións para o desenvolvemento da proba que de realizou o días 28 e 29 de maio e na que participaron 81 alumnos de 2º de ESO do noso centro.

A competencia matemática, o coñecemento e a interacción co mundo físico centraron a primeira xornada. No segundo día as probas centrárnse na competencia en comunicación lingüística e cuestionarios de contexto.

A avaliación diagnóstica posúe carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Os resultados serán avaliados na Comisión de Coordinación Pedagóxica de cara ao establecemento das accións correctivas oportunas.

xubilación anticipada: ASUNCIÓN JUÍZ VÁZQUEZ

A finais deste curso a profesora de Xeografía e Historia, Asunción Juíz Vázquez, acollerase á xubilación anticipada logo dunha carreira profesional de más de 35 anos de servizo activo, case todos no noso centro.

Asun, como é coñecida na Comunidade Educativa, comezou o seu labor académico no curso 1975-76 como profesora de Latín nun centro privado de Cáceres; ao ano seguinte estivo destinada no IFP "Monte Hermoso", na mesma cidade, onde exerceu de Xefa de Estudos.

Despois de aprobar a oposición veu destinada para o IES "María Sarmiento" onde continúa dende o curso 79-80.

Ao longo deste tempo, ademáis de adquirir a condición de Catedrática no curso 95-96, ocupou o cargo de Vicediretora dende xullo de 1989 ata xuño de 1992.

Despois de promover o SAV (Servizo de Autoaxuda Vocacional), foi Orientadora dende outubro do 89 ata xuño do 98. Tamén tivo diferentes xefaturas de departamento de Latín e Xeografía e Historia.

Parabéns por tan excelente carreira profesional, e moita sorte nesta nova etapa vital.

EXCURSIÓN DE 4º DE ESO

-O grupo á entrada do Parq Güell-

A participación na viaxe de fin de Etapa dos alumnos de 4º de ESO constitúe un aliciente moi salientable e significativo para os rapaces e rapazas que están xuntos por último ano, no mesmo grupo.

A partir de aquí, uns elixirán a modalidade de bacharelato Científico-Tecnolóxico, outros o de Humanidades, outros ciclos formativos...

Por iso, dende a programación xeral anual se intenta darlle un significado lúdico pedagóxico a esta actividade que se celebrou nesta ocasión dende o 26 de maio ao 1 de xuño e tivo como destino Barcelona.

As visitas pola Costa Brava, a Port Aventura e á cidade Condal ocuparon a maior parte do tempo. As máis salientables pola súa aceptación e valoración estiveron a Sagrada Familia, o Barrio Gótico e o Parq Güell.

Os profesores que acompañaron os alumnos na viaxe foron Elena Pérez Inés e, un ano máis, Xaime Fernández Villar.

http://www.elorienta.com/ies-maria-sarmiento/

Alumnos de 1º de ESO en Manzaneda

Do 6 ao 8 de maio os alumnos de 1º de ESO pasaron unhas xornadas de lecer na estación de Manzaneda acompañados polos seus titores Fran Basanta, Carlos Castedo Meilán e Angélica Otero Fernández.
Durante ese tempo desenvolveron actividades de sendeirirsmo, orientación, karting, e tiro con arco.

LOCALIZA O NOME DE SETE CONCELLOS GALEGOS

C	E	I	I	G	O	S	X	H	A	S	D
D	S	R	L	A	L	F	O	Z	L	O	S
S	E	X	I	U	O	D	O	L	D	M	E
A	D	A	M	A	L	A	M	A	G	X	L
X	A	T	E	O	N	H	I	X	A	U	O
I	E	I	L	E	U	X	F	E	B	E	C
A	B	S	X	L	X	Ñ	O	N	I	O	N
C	A	R	I	Ñ	O	N	I	U	L	D	A

outras actividades

Día 24 de xaneiro
Excursión á Coruña: alumnado de 4º de ESO e 1º e 2º de Bach. para asistir a unha representación de teatro en francés no IES "Crucero Baleares", e a continuación visita ó museo de "Bellas Artes".

Día 4 de febreiro
Excursión a Santiago de Compostela: alumnos dos ciclos medio e superior de Administrativo, para visitar o Parlamento e a Catedral.

Día 7 de febreiro.
Charla no Salón de Actos: alumnado de 1º e 2º de ESO. Tema: "os perigos de Internet", a cargo da enxeñeira Lucía Fidalgo (Colexio de Enxeñeiros Informáticos), programa Navega con Rumbo do proxecto Abalar.

Día 18 de febreiro
Información do programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a Universidade": alumnos de Bacharelato, Universidade de Santiago.

Día 22 de febreiro
Lectura por parte de alumnado de ESO de poemas de Rosalía de Castro con acompañamento musical. Remate cunha Alborada.

Días 1, 2 e 3 de marzo
Participación, en colaboración coa "Casa da Xuventude", nunha excursión á Estación de Esquí de Pajares, con alumnos de distintos cursos, para realizar iniciación en deportes de inverno.

Día 4 de marzo
Excursión á Coruña: Obra de teatro no IES Crucero Baleares "Fuenteovejuna" de Lope de Vega, representada pola Compañía " Eina d`Escola".

Día 11 de marzo
Xornadas de emprendemento, dirixidas ó alumnado de Ciclos e Bacharelato, cunha conferencia a cargo do técnico do Igape Enrique Gómez e o empresario D. Ángel López Fernández, ex-alumno.

21 de maio
Proxección e charla coloquio co director da película "O APÓSTOLO" para os alumnos de ESO.



Carmen Vizoso Pastrana - 1º ESO

TEATRO EN INGLÉS

O día 29 de abril, ás 12:30 horas, representouse no salón de actos unha obra de teatro en inglés, dirixida aos alumnos de 4º de ESO e Bacharelato, e ás 16:15 para os alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO,ciclos formativos e ensinanzas de adultos.

A compañía encargada da representación foi *"Clever Pants",* e as obras postas en escena *"Clever Cupid",* na sesión de mañá e *"Teen Trials"* pola tarde. A actividade estivo organizada, coma cada ano, polo Departamento de Inglés.

ILUSIÓN ÓPTICA



Se fixamos ben a vista nestes cadros negros semella que en cada un dos vértices hai un punto gris. Non obstante, estes puntos desaparecen se intentamos velos un por un.

Este é un dos traballos da Dra. Janos Geier sobre o procesamento perceptivo visual.

O que vemos é a auténtica realidade?

EVOLUCIÓN DA FROTA DE BARCOS DOS PORTOS DE VIVEIRO E CELEIRO DENDE OS ANOS CINCUENTA

Por José María Leal López

A comezos do ano 1950, as actividades pesqueiras e todo o ámbito da xestión portuaria facíase no porto de Viveiro, quedando o pequeno porto de Celeiro como auxiliar, e cunha frota de pequenos barcos artesanais, dedicados exclusivamente á pesca polo litoral cerca da costa.

-Vista do porto de Celeiro fai tres catro ou cinco décadas-

Pero progresivamente a situación foi cambiando, ó quedar o porto de Viveiro de secundario e para pequeñas embarcacións, lanchas de recreo e iates, que principalmente se dedicaban á pesca da baixura e tamén aos deportes náuticos. Isto debeuse á falta de calado deste porto e á dificultade dos grandes barcos para subir pola ría ata Viveiro. Así, o porto de Celeiro, mellor situado, colleu toda a actividade das pesquerías e do transporte de mercadorías desta zona por ser de fácil acceso e ter un bo calado.

O peirao de Viveiro veu adquirindo pouco a pouco importancia, en especial no relacionado cos deportes náuticos. Nos últimos anos a demanda destas actividades experimentou un gran crecemento polo cal este peirao, que reúne unhas condicións ideais para este tipo de eventos, encheuse de embarcacións de recreo e de iates. Ademais influíu positivamente a natureza acolledora que teñen a vila de Viveiro e as súas xentes para recibiren as tripulacións das embarcacións que aquí recalan.

Se pasamos a Celeiro, podemos destacar que a súa privilexiada situación, amais da natureza emprendedora e traballadora das súas xentes, fixo que dende sempre contara cunha frota de barcos de pesca moi grande e ao redor de cuxa actividade viven a maioría dos habitantes da vila.

Aló polos anos corenta, había no porto de Celeiro cerca de oitenta embarcacións, as cales eran na súa maioría de vapor; tamén usaban o peirao embarcacións do norte de Galicia, amais de Asturias, Cantabria e País Vasco, ou sexa, que tiña unha grande influencia en toda a zona. Esa frota de oitenta barcos mantívose ata os anos sesenta, data en que comezou a súa modernización ao mesmo tempo cá especialización das súas artes para facelas máis rendibles, na procura de maiores beneficios. O primeiro que se fixo foi ir aumentando a tonelaxe dos barcos para obter con iso maior capacidade de pesca.

Así con este crecemento, mantívose a pesca neste porto ata os anos oitenta cando se centralizaron tódalas vendas na lonxa, o cal potenciou notablemente toda a actividade do porto e favoreceu que houbera un grande desenvolvemento na vila, pois toda a economía local se viu beneficiada. A modernización da frota era constante, non se estancaba, e así fóronse adquirindo barcos máis grandes, máis modernos e dotados das diferentes artes de pesca, ao tempo que se diversificaba o traballo para facelos máis rendibles e estar operativos todo o ano, de xeito que tamén era maior a variedade de peixe que se collía con elas.

O grupo Porto de Celeiro S.A. constitúe o motor empresarial sobre o que se asenta a actividade económica da Ría de Viveiro

Debido a todo este movemento modernizador, naceu o motor que ía levar adiante todo este proceso, tanto no mar coma en terra: o grupo Porto de Celeiro S.A., creado polos armadores da frota de Celeiro, co obxectivo de sacar o maior rendemento posible ás capturas realizadas polos barcos deste porto. Porto de Celeiro vaise centrar no reinvestimento e renovación dos barcos de pesca para facer unha frota de acordo cos tempos que corren, moderna e competitiva, que incorporara tódalas novas tecnoloxías, mellorara as condicións de traballo e seguridade a bordo, así mesmo modernizar as artes de pesca usadas co fin de ofertar un produto de calidade. Nesa liña, nace tamén o proceso de trazabilidade do peixe neste porto, de forma que se crea unha anovadora lonxa con tódalas instalacións, tanto frigoríficas coma de carga e descarga

co obxecto de que o peixe capturado e seleccionado acade ó seu destino tan fresco como recén sacado do mar e coa calidade esixida, así que o proceso ponse en marcha co almacenamento nos barcos entre un e cinco graos de temperatura que se manterán en todo o seu percorrido pola lonxa e logo nos camións frigoríficos ata que chega ás peixerías.

Todo isto requiriu que dende o ano 1997 os armadores de Celeiro investiran cerca de trinta millóns de euros para a renovación da frota, que constaba de trinta barcos de pesca dos que catorce eran de baixura e o resto de altura. Tamén se levou a cabo a automatización da pesca do palangre que ata daquela era moi artesanal e pouco rendible debido a que se usaban artes de pesca moi rudimentarias e antigas; desta maneira esta arte volveuse máis rendible e, de paso, melloraron notablemente as condicións de traballo dos mariñeiros que se dedicaban a ela.



-Actualmente en Celeiro aséntase unha das frotas máis modernas do Cantábrico-

A frota de Celeiro hoxe en día está moi diversificada como imos ir comprobando ao analizar e describir os distintos barcos de pesca que teñen a base neste porto:

-A frota do Gran Sol coñecida como "Frota do Pincho", que está formada por palangreiros, voandeiros de fondo e arrastreiros, constitúe o sector máis importante e rendible deste porto; compóñena trinta e tres palangreiros e oito arrastreiros, os cales pescan en augas do sur e oeste de Irlanda e tamén cerca das costas francesas en distintos caladoiros, dos cales soamente poden sacar anualmente unhas cantidades de peixe que fixa a Comunidade Europea, e logo, cando esgotan o cupo, descansan e aproveitan para arranxar e pintar os barcos, todos eles de ferro.

Para continuar cunha breve descrición da frota de Celeiro, temos:

-Os palangreiros, que son barcos que teñen corenta ou máis metros de eslora, cunha potencia sobor dos seiscentos C.V.; van dotados dos medios tecnolóxicos máis modernos e a súa tripulación é de dezaseis persoas.

-Os arrastreiros, que son algo máis curtos xa que a medida de eslora é de arredor dos corenta metros, contan cunha potencia de trescentos setenta G.T. e unha tripulación de 12 persoas, ó igual que os demais sofren renovacións tecnolóxicas continuamente.

Dende o ano 1997 lévanse investido perto de 30 millóns de euros na renovación tecnolóxica da frota

-En canto á frota de arrastre do litoral, os barcos teñen uns trinta metros de eslora e dispoñen dunha potencia de quiñentos trinta C.V. con cento cincuenta e tres TRB, a súa tripulación fórmana dez persoas. Nesta arte o tratamento das capturas é moi meticuloso posto que o que se arrastra é moi variado e diverso, polo cal hai que facer a selección con coidado para obter un produto de boa calidade.

-Outra frota constitúea a chamada de cerco ou de superficie, que operan en caladoiros cerca da costa e teñen un radio de operacións non moi longo, constan dunha eslora duns dezaoito metros e unha potencia de douscentos dezaoito CV e vinteoito TRB; hai unhas sete embarcacións deste tipo, algunhas das cales se arranxan para ir á costeira do bonito os meses do verán; a tripulación formana unhas oito persoas.

-E, por último, está a chamada frota de baixura, constituída por pequenas embarcacións duns doce metros de eslora e setenta e oito CV de potencia con dez TRB. Trátase dunhas vinte e cinco lanchas artesanais, que hai uns anos foron modernizadas para aumentar a súa operatividade e seguridade no mar; levan a bordo unha tripulación pequena e operan na Ría de Viveiro ou cerca da costa; só pescan de día e as súas capturas adoitan ser moi diversas.

Viveiro, maio de 2013

Planificación de estudos no IES María Sarmiento

curso 2013/2014 (Réxime Ordinario)



Ventá aberta aos libros

Por se o verán resulta tan chuvioso coma a primavera, non nos imos limitar ás catro recomendación de sempre, senón que engadimos algunhas máis que de seguro non vos deixarán indiferentes.



HORA ZULÚ

Esta nova novela de Santiago Lopo vén de acadar o premio García Barros. Con certeza o xurado tivo en conta a estrutura orixinal da obra e mais a presenza de distintos tipos de textos (cartas, cadernos...) cos que o autor comeza un xogo cos lectores para que vaiamos encaixando cada unha das pezas ou historias ata completarmos a investigación en que, cada vez máis intrigados, nos mergullamos.

ARDALÉN

En moi pouco tempo, coñecemos dúas boas novas para os afeccionados á novela gráfica en galego: a primeira é que Miguelanxo Prado acadou con Ardalén o premio á mellor obra no Salón Internacional do Cómic en Barcelona e tamén o Premio das Librarías Especializadas. A memoria e a fantasía son as grades protagonistas desta novela. .A segunda é a tradución á nosa lingua de Gorazde, zona segura de Joe Sacco, unha durísima historia que transcorre durante a guerra entre serbios e bosnios nos anos noventa e reflicte as penalidades dos habitantes de Gorazde, unha poboación illada polas tropas serbias.

VIDAL BOLAÑO

Xa vos recomendabamos ao comezo de curso dous títulos da gran obra teatral que creou Roberto Vidal Bolaño para que elixirades, agora van outros dous, mais que non están ao alcance da man na biblioteca do IES María Sarmiento: Criaturas e Doentes. Da segunda obra incluso existe unha película case pantasma, pois resulta imposible conseguila, malia que vos aseguraría noventa minutos de bo lecer na compaña do crego don Valeriano e Cañete que deambulan polas rúas de Santiago cun único claro: matar a Franco. Criaturas parte do Franskenstein de Mary Shelley, a novela romántica de terror e ficción científica do XIX, para presentarnos a unha humanidade insensible, incapaz de amar, de desexar, de ser solidaria...

TANTOS CABALIÑOS LINDOS

Non nos deixemos enganar polo título: non é un libro de literatura infantil. O misterioso escritor estadounidense Cormac McCarthy co seu persoal xeito de narrar condúcenos ás terras da fronteira de Estados Unidos e México. Así seguimos a dous mozos que foxen das súas casas para traballaren de vaqueiros en territorio mexicano, pero na longa cabalgada van xurdindo todo tipo de perigos que porán a proba a súa amizade e a súa capacidade para sobrevivir nas situacións máis adversas.

A carón do blues

"ROBERT NIGHTHAWK"

Por Javier Caneda González

ROBERT NIGHTHAWK
(Robert Lee McCoy)
1909 - 1967

A apaixonante historia do blues está enchida de lendas e misterios. A vida de Nighthawk, un dos seus bluesman máis xenuínos e auténticos, é unha delas. Nel cohabitaron dous músicos moi diferentes, primeiro Robert Lee McCoy e máis tarde Robert Nighthawk.

*****

O seu legado é escaso, apenas unha ducia de sesións repartidas en trinta anos, pero dunha calidade extraordinaria demostrando que era un dos mellores guitarristas slide do xénero, cun estilo elegante e sutil instantaneamente recoñecible. A súa influencia en músicos como Muddy Waters, Earl Hooker ou Elmore James, é totalmente indiscutible.

Robert Lee McCollum naceu nunha granxa en Helena, Arkansas, o 30 de novembro de 1909. Sábese que pertencía a unha familia de músicos e que tiña dous irmáns. Dende moi novo aprendeu a tocar a harmónica, e decidiu emprender a súa aventura como vagabundo polo sur de Mississippi ata chegar a Memphis, xa nos anos vinte, onde entrou a formar parte da Memphis Jug Band ou traballando xunto a outros músicos locais. Calcúlase que, ao redor de 1930, coñeceu o cantante e guitarrista Houston Stackhouse, quen lle ensinaría a tocar a guitarra utilizando a técnica bottleneck. Robert chegaría a tocar con el na radio local de Jackson.

Pouco tempo despois chegaría a St Louis, Missouri, onde adoptou o nome de Robert Lee McCoy e comezou a asociarse con músicos locais como Big Joe Williams, Henry Townsend e John Lee "Sonny Boy" Williamson. Con eles chegaría a traballar nos estudos de gravación que Victor Records tiña en Aurora, Illinois. Era o ano 1937 e alí tivo a oportunidade tamén de facer as súas primeiras gravacións en solitario para Bluebird, entre elas o premonitorio "Prowling Night-Hawk".

Mentres John Lee Williamson comezaba unha florecente carreira en solitario en Chicago, Robert decidiu seguir a súa vida errante, coas súas idas e vindas ou acompañando esporadicamente numerosos bluesmen nas súas gravacións para Victor, Bluebird ou Decca, utilizando sempre pseudónimos diferentes. Naqueles tempos podíase escoitar o seu nome nas emisoras de Helena, Jackson ou Memphis, ata que un día, o excelente guitarrista Robert Lee McCoy simplemente desapareceu.

Anos despois, trala interrupción causada pola Segunda Guerra Mundial, apareceu en escena un espectacular guitarrista slide eléctrico que respondía ao nome de Robert Nighthawk. A súa voz volvérase máis escura, pero o seu fascinante e fluído estilo coa guitarra estaba nalgún lugar entre Tampa Red e Muddy Waters. Cara a mediados de

1948 este novo e descoñecido guitarrista chegou a Chicago disposto a comer o mundo. Poucos sabían entón que en realidade era a mesma persoa que gravara anos atrás baixo o nome de Robert Lee McCoy.

Pero a fortuna tampouco estivo do seu lado nesta ocasión. Comezou a realizar gravacións para os irmáns Chess, que estaban comezando a súa andaina coa recén estreada compañía discográfica, pero a cousa non funcionou. Muddy Waters tamén estaba na cidade e gañoulle a partida. Ante a similitude de estilos, Chess Records decidiu apoiar a Muddy, cuxo sentido da comunicación e a presenza no escenario era bastante superior. Waters comezou a súa exitosa carreira en Chicago, mentres Nighthawk percorría os suburbios da cidade, viaxando a St. Louis ou á súa casa en Helena. A comezos dos cincuenta gravou algúns excelentes temas para United Records aínda que, comercialmente falando, os resultados non foron nada satisfactorios. A perspectiva que nos dá o tempo serviu para decatarse que foi nesta etapa onde Robert gravou a maioría dos seus mellores temas: "Black Angel Blues", "Anna Lee", "The Moon Is Rising" ou "Maggie Campbell" conforman a flor e nata do blues de Chicago de posguerra.

Dez anos máis tarde, en 1964, Robert Nighthawk foi atopado en Maxwell Street, en Chicago, onde estaba a tocar por unhas poucas moedas. Alguén tivo a idea de facer unha gravación daquel histórico momento. O cineasta Mike Shea decidiu gravalo para o seu documental "And This Is Free", capturando un Nighthawk aínda en plena forma. Comezou entón unha nova etapa actuando nalgúns clubs da zona e regresando aos estudos de gravación. Unha vez máis, ningunha das gravacións publicadas enganchou o suficiente na nova ondada de seguidores do folk-blues de comezos dos sesenta, e Robert viuse obrigado a regresar outra vez ás súas orixes, en Helena. Converteuse deste xeito nun dos bluesman máis inxustamente esquecidos.

DISCOGRAFIA SELECCIONADA



- Robert Lee McCoy: Complete Recorded Works 1937-1940 (Document)
- Sweet Black Angel (Roots)
- Bricks In My Pillow (Delmark)
- Live On Maxwell Street (Rounder)
- Masters Of Modern Blues (con Houston Stackhouse - Testament)
- Ramblin´ Bob (Saga)

A súa saúde comezou a deteriorarse, pero aínda sacou forzas para seguir tocando nos juke-joints da súa localidade, e para facerse cargo da serie "King Biscuit Time" na emisora local, tras a morte de Sonny Boy Williamson (Rice Miller) en 1965. Dous anos máis tarde fixo as súas derradeiras gravacións con Houston Stackhouse. O 5 de novembro de 1967 Robert McCollum faleceu de insuficiencia cardíaca no hospital de Helena.

O seu nome quedaría escrito para sempre na historia ao formar parte do Blues Fundation´s Hall of Fame en 1983.

acarondoblues.blogspot.com

O Provisional

Rúa: Misericordia, 58
27850 - VIVEIRO (Lugo)
Teléf.: 982.56.04.49 - Fax: 982.56.23.06
Móbil 606.54.11.55 e 615.396.604
ies.maria.sarmiento@edu.xunta.es
http://www.iesmariasarmiento.net
Impreso, en papel reciclado, en PUBLILAR - Magazos - Viveiro
Depósito Legal: LU - 402-94
Viveiro, 21 de xuño de 2013
ANO XX, NÚMERO 55
TIRADA 900 EXEMPLARES
DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA a alumnos e profesores: 850 exemplares, por correo a antigos profesores, institucións, centros e medios de comunicación: 50
SUBVENCIONA:
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES MARÍA SARMIENTO

COLABORAN NESTE NÚMERO 55

ALUMNOS:
Iria Moliner Piñón,
Adrián Ben Montenegro,
Carmen Vizoso Pastrana,
alumnos de 1º de ESO
PROFESORES:
Xosé Cabana, Primitivo,
José María Leal López
INSPECTORA:
Magdalena Duarte Blanco
PERSOAL NON DOCENTE:
Javier Caneda González
DISTRIBUCIÓN E ARQUIVO:
José López Peña, Lucía Lage Pol
Antonio González da Torre
COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN:
Néstor Timiraos Labaen

7 5 A MS07 220132

GRAN ANGULAR

A educación en España. Unha mirada retrospectiva (II)

Continuamos o percorrido pola historia da educación en España, desde finais do Antigo Réxime ata a actualidade, da man da Inspectora Magdalena Duarte Blanco.Este artigo foi publicado anteriormente no nº 63 de EDUGA (Revista Galega do Ensino). Para este número seleccionamos a etapa que vai ***de finais do antigo réxime á Lei Moyano***

Durante o antigo réxime (séculos XVII-XVIII), a educación estaría basicamente en mans da Igrexa e dirixida case exclusivamente a membros da nobreza e do clero. Non obstante, a Revolución Francesa (1789) impulsaría un modelo educativo substancialmente diferente: unha ensinanza fundamentalmente pública, secular, aberta a todos e pensada para atender as necesidades educativas da sociedade da época; unha ensinanza articulada en tres niveis (primaria, secundaria e superior); e, finalmente, unha ensinanza organizada e controlada fundamentalmente polo Estado. Este novo modelo educativo tiña o seu fundamento nunha concepción da ensinanza como servizo público que a todos implicaba. O resultado deste cambio sería a creación progresiva dun sistema educativo que lles ofrecía a ensinanza primaria gratuíta ás clases populares e as ensinanzas secundaria e superior ás clases medias e altas da sociedade liberal.

A reacción española á invasión napoleónica a comezos do século XIX poría en marcha a revolución liberal e tería como consecuencia a aprobación, polas Cortes de Cádiz, da Constitución de 1812, na que se proclamaría a soberanía popular e unha nova organización da sociedade baseada, entre outros, nos principios de liberdade e igualdade. A Constitución de 1812 recollía no ámbito educativo importantes conceptos renovadores, entre os que cabe salientar a defensa da universalidade, sen excepcións, da educación primaria e a uniformidade dos plans de ensinanza para todo o ámbito do Estado.

Logo da aprobación da Constitución de 1812, unha das principais preocupacións das Cortes españolas foi a elaboración dunha lei xeral de instrución pública. Para tal efecto, Manuel José Quintana elaborou, en 1813, un informe onde se defendía que a instrución debería ser igual, universal, uniforme, pública e libre. Non obstante, aos poucos meses da súa publicación produciríase un levantamento militar e o goberno xurdido do golpe de Estado declararía nula a Constitución de 1812 e os decretos das Cortes, polo que España retorna ao antigo réxime.

Algúns anos máis tarde, logo do pronunciamento militar de Rafael del Riego, xorde o "trienio liberal" (1820-1823), que resultaría ser un período significativo para a historia da educación española, dado que nel se regularía unha nova estrutura educativa coa aprobación do Regulamento xeral da instrución pública de 1821, que suporía a redacción en forma de lei do Informe Quintana de 1813, que lle daría carácter legal a unha estrutura do sistema educativo dividida en primeira, segunda e terceira ensinanza, estrutura inexistente formalmente no antigo réxime. Do mesmo xeito, esta normativa sancionaba a división da instrución en pública e privada, ao tempo que determinaba a gratuidade da ensinanza pública.

En 1823 restableceríase o poder absolutista de Fernando VII mediante a intervención das tropas francesas. No ámbito educativo, ao longo dos dez anos de vixencia deste período absolutista derrogaríase o Regulamento xeral de instrución pública de 1821 e publicaríase o Plan literario de estudos e arranxo xeral das universidades do reino (1824), o Plan e Regulamento de escolas de primeiras letras do reino (1825) e o Regulamento xeral das escolas de latinidade e colexios de humanidades (1826). Estas reformas, que se denominaron Plan de Calomarde, por ser este o responsable da súa elaboración, significarían un claro intento de facer da instrución pública un instrumento eficaz do poder absolutista.

A Revolución Francesa impulsaría un modelo educativo substancialmente diferente: unha ensinanza fundamentalmente pública, secular, aberta a todos e pensada para atender as necesidades educativas da sociedade da época

En 1833, logo do falecemento de Fernando VII, iniciaríase en España a rexencia de M.ª Cristina, que tería unha duración de dez anos, e, con ela, a chamada "década liberal", na que se definirían dúas tendencias entre os liberais: moderados e progresistas. Estes últimos lograrían afianzar as súas ideas e o seu poder: desamortización, supresión de señoríos e ordes relixiosas, secularización da ensinanza, entre outras. En 1836 aprobaríase o Plan xeral de instrución pública ou Plan do duque de Rivas, que, malia apenas ter vixencia, supuxo un importante antecedente da Lei Moyano de 1857. O Plan do duque de Rivas regulou os tres graos de ensinanza: a instrución primaria, que comprendería a primaria elemental e a superior; a instrución secundaria, dividida en elemental e superior; e a instrución superior, á que corresponderían as facultades, escolas especiais e estudos de erudición.

En 1843, coincidindo coa maioría de idade da raíña Isabel II, comeza a chamada "década moderada" que duraría ata 1854. No ámbito normativo, a lei clave desta etapa é a Constitución de 1845. No terreo educativo, aprobaríase en 1845 o Plan xeral de estudos ou Plan Pidal, no que se establecerían as bases para a primeira definición do sistema educativo contemporáneo.

NOTA: as referencias e bibliografía sinaladas amosaranse no último capítulo